



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
CENTRO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
METEOGALICIA



ANUARIO CLIMATOLÓXICO 2002



Deseño gráfico e maquetación: Roberto Pérez Rodríguez

Fotografías de cubertas: A. Gayoso

Edita: Consellería de Medio Ambiente
Centro de Desenvolvemento Sostible
Consellería de Medio Ambiente
San Lázaro, s/n
15781 - Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 763. Fax: 981 541 765
Enderezo web: www.xunta.es/conselle/cma/index.htm

Imprime: Litonor
ISBN: 84-453-3520-0
Dep. leg.: C-1162-2003

Coordinación:

- Subdirección de Información, Formación e Tecnoloxía Ambiental
Centro de Desenvolvemento Sostible
Consellería de Medio Ambiente
Xunta de Galicia
- MeteoGalicia
Consellería de Medio Ambiente – Universidade de Santiago de Compostela

Redactores:

- Francisco Gómez de la Torre
Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán
- Santiago Salsón Casado, Paloma Barreiros Alonso, Lino Rafael Naranjo Díaz,
Raquel Cruz Guerrero, José Antonio Souto González e Vicente Pérez Muñuzuri.
MeteoGalicia. Consellería de Medio Ambiente. Xunta de Galicia.

ÍNDICE

- PRESENTACIÓN.....
- PRÓLOGO.....
- INTRODUCCIÓN
- MAPA: LOCALIZACIÓN DAS ESTACIÓNS.....
- COORDENADAS DAS ESTACIÓNS
- CONDICIÓN SINÓPTICAS.....
- RESUMO POR VARIABLE

Temperatura media

Temperatura máxima media

Temperatura mínima media

Oscilación térmica media

Temperatura máxima absoluta

Temperatura mínima absoluta

Humidade estándar

Precipitación total

Precipitación máxima en 24 horas.....

Balance hídrico

Horas de sol

Insolación

Vento

Chuvia

Xeada.....

Orballo/rosada e neboa.....

Irradiación media diaria e IUV máximo.....

- RESUMO POR ESTACIÓN

A CORUÑA

A Curota.....

CIS Ferrol-A.....

Corrubedo-A.....

Mabegondo-A.....

Marco da Curra-A.....

Monte Xalo-A.....

Muños.....

Muralla-A

Río do Sol.....

Sergude – A.....

LUGO

Ancares-A.....

Bóveda.....

Campus Lugo-A.....

Conchada.....

Folgueira de Aigas.....

Fragavella.....

Guitiriz-A.....

Marroxo-A.....

Monte Panda.....

Nodar.....

O Xipro.....

Pedro Murias-A.....

Penedo do Galo.....

Rubiás.....

Sambreixo-A.....

Santalla.....

Serra Vacaloura.....

Xunqueira.....

OURENSE

Alto do Rodicio-A.....

As Petarelas.....

Baltar.....

Castelo da Pena.....

Monte Medo.....

O Carballiño-A.....

O Invernadeiro-A.....

Pedreiriño.....

Pieles.....

Serra do Eixe.....

Verín-A.....

Xurés.....

PONTEVEDRA

A Lama.....

Arcos da Condesa.....

Carballedo.....

Castro Vicaludo.....

Castrove-A.....

Corón-A.....

Cuntis.....

Fornelos de Montes.....

Illas Cíes.....

Lourizán-A.....

Meirol.....

Monte Aloia-A.....

Mouriscade-A.....

Pereira.....

Queimadelos-A.....

- GLOSARIO.....

PRESENTACIÓN

Un ano máis sae do prelo o *Anuario climatolóxico de Galicia*, con datos correspondentes ó ano 2002; o seu obxectivo principal é o de servir ó coñecemento da realidade climatolóxica do noso país.

Nestes comezos do século vinteún, a nosa sociedade presenta un claro interese e preocupación por tódolos temas relacionados co medio ambiente e, en particular, con aqueles que teñen que ver coa atmosfera, o medio onde se desenvolve a nosa vida.

Os datos que fan posible a publicación deste anuario proveñen na súa maior parte da Rede de Estacións Meteorolóxicas Automáticas e Manuais da Consellería de Medio Ambiente. Ademais, no anuario deste ano inclúense por primeira vez datos procedentes doutras institucións, en concreto da estación de Corón, pertencente á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Esperamos que en próximos anuarios esta colaboración se amplíe a outras redes co fin de obter a mellor descrición posible do noso clima.

A estrutura do anuario do ano 2002 consta de catro partes:

- Na primeira, amósase información xeral na que se presenta unha relación das estacións meteorolóxicas que ofrecen información climatolóxica: as súas coordenadas UTM, o ano de instalación e o mapa de Galicia no que se mostran as súas posicións.
- Na segunda parte preséntanse como novidade deste ano comentarios e mapas, para cada mes, sobre as situacións sinópticas e a súa repercusión nas precipitacións e temperaturas.
- Na terceira parte faise un resumo para cada unha das variables, tendo en conta que non todas elas son rexistradas no conxunto das estacións. Ademais, hai que ter presente que nalgúns estacións a frecuencia da toma dos datos é semanal para a chuvia e o vento.
- Na última parte faise un resumo anual para cada unha das estacións, cunha serie de gráficos das variables máis representativas.

Este anuario foi elaborado por MeteoGalicia, servizo meteorolóxico da Xunta de Galicia, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela. Tamén quero subliñar a dedicación e o esforzo dos observadores voluntarios climatolóxicos, sen os cales esta publicación non sería posible.

Xosé Manuel Barreiro Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente

PRÓLOGO

O Centro de Desenvolvemento Sostible prosegue un ano máis co interese de poñer a disposición do público en xeral una fonte de información sobre a meteoroloxía e a climatoloxía galega. Por iso, preséntase o *Anuario climatolóxico de Galicia* do ano 2002.

Co fin de satisfacer a crecente demanda por parte da sociedade de información meteorolóxica e climatolóxica, o Centro de Desenvolvemento Sostible estableceu un Sistema de Información Ambiental que ten como principal obxectivo o de dar unha información de calidade e de libre disposición que represente as características do medio ambiente galego.

A posición xeográfica de Galicia na península Ibérica, xunto coa súa complexa orografía, fan que exista unha variabilidade espacial e temporal que queda patente nos datos obtidos polas distintas estacións meteorolóxicas, e permítenos caracteriza-los diversos climas galegos.

A información recollida por MeteoGalicia provén da Rede de Estacións Meteorolóxicas, composta na actualidade por 43 estacións manuais e por 23 estacións automáticas. Esa información pódese consultar a través de Internet nas páxinas do Sistema de Información Ambiental de Galicia, creado polo Centro de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente (<http://www.siam-cma.org>).

No que se refire a novos datos incluídos neste anuario, hai que menciona-las rosas dos ventos relativas a frecuencias e velocidades, elaboradas cos datos das estacións meteorolóxicas automáticas. Tamén se amosan datos correspondentes ó índice ultravioleta. Estes datos proceden de novos sensores instalados na rede durante os anos 2001 e 2002.

Francisco Maseda Eimil
Director xeral do Centro de Desenvolvemento Sostible

INTRODUCCIÓN

O *Anuario climatolóxico de Galicia* é un documento no que se recollen tódolos datos ofrecidos polas estacións meteorolóxicas dependentes do Centro de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Na rede intégrase tamén a estación de Corón, dependente do Centro de Investigacións Mariñas en Vilanova de Arousa. A recollida dos datos centralízase no Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán.

Dende a instalación da primeira estación de observación meteorolóxica de carácter manual, que data do ano 1955, a rede de observación foise ampliando de maneira progresiva ata quedar configurada na actualidade por 43 estacións manuais repartidas por toda a xeografía galega. No ano 1998, comezouse a instalación dunha moderna rede de estacións automáticas, integrada actualmente por 23 estacións con transmisión de datos en tempo real. Neste anuario do 2002 utilizouse tamén esta información. Ó longo deste documento, para indicar que a estación é automática engadíuselle un 'A' ó nome da estación. No caso de coincidir na mesma localización unha estación manual e unha automática, mantense o nome da manual.

En tódalas estacións manuais, diarias ou semanais, médense unhas variables comúns:

- Temperatura máxima diaria a 1.5 m.
- Temperatura mínima diaria a 1.5 m.
- Humidade máxima diaria a 1.5 m.
- Humidade mínima diaria a 1.5 m.
- Percorrido do vento (diario ou semanal).
- Precipitación (diaria ou semanal).

Ademais, nalgunhas delas, médense tamén as horas de sol coas que se calcula a insolación.

No caso das estacións automáticas, onde a frecuencia da toma de datos é dezminutal, as variables rexistradas son:

- Temperatura e humidade relativa a 1.5 m.
- Presión.
- Velocidade e dirección do vento a 10 m.
- Precipitación.
- Radiación solar global en nove das vintetrés estacións e índice ultravioleta máximo en cinco delas.

A partir dos datos das estacións manuais e automáticas, realizouse unha análise estatística climatolóxica para o ano 2002. Naquelas localizacións nas que se dispón de estación manual e automática, tomáronse soamente os da estación automática.

No apartado *condicións sinópticas* recóllese unha análise das situacións sinópticas predominantes que afectaron a Galicia ó longo de cada mes. Asímesmo, preséntanse mapas mensuais das anomalías de precipitacións, presións e temperaturas máximas e mínimas.

No apartado denominado *resumo por variable* preséntanse, para cada unha das estacións, os valores mensuais dunha serie de variables. Co obxectivo de que os valores foran representativos, tomouse como criterio a utilización dos datos sempre que o número de valores dispoñibles sexa superior ó 60% do total dos rexistros mensuais no caso de valores medios e dun 80% no caso de valores acumulados. Nas estacións automáticas, estableceuse un mínimo do 75% de datos dezminutais para considera-lo día con datos. Os valores anuais indícanse soamente cando o número de meses con observacións válidas foi superior ó 60%. No caso de valores medios, máximos ou mínimos, indícase qué estacións tiveron observacións entre un 60 e un 80% dos meses. Sen embargo, no caso dos valores acumulados, sinálanse todas aquelas estacións nas que o ano non está completo, xa que nestes casos os valores acumulados non poden ser comparados cos doutras estacións.

As variables tabuladas son as seguintes:

- Temperatura media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Temperatura máxima media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Temperatura mínima media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Oscilación térmica (°C). Indícase tamén a media anual.

- Temperatura máxima absoluta (°C). Indícase tamén a máxima absoluta anual.
- Temperatura mínima absoluta (°C). Indícase tamén a máxima absoluta anual.
- Humidade estándar (%). Indícase tamén a media anual.
- Precipitación total acumulada (mm). Indícase tamén a chuvía acumulada anual.
- Precipitación máxima en 24 horas (mm). Indícase tamén a máxima anual.
- Balance hídrico. Indícase tamén o balance anual.
- Horas de sol (horas/mes). Indícase tamén o total anual.
- Insolación (%). Indícase tamén a media anual.
- Velocidade media do vento (m/s). Indícase tamén a media anual.
- Chuvia (días). Indícase tamén o total anual.
- Xeada (días). Indícase tamén o total anual.
- Orballo/Rosada (días). Indícase tamén o total anual.
- Néboa (días). Indícase tamén o total anual.
- Irradiación media diaria. Indícase tamén a media anual.
- Índice ultravioleta máximo. Indícase tamén o máximo anual.


No apartado *resumo por estación* recóllese para cada unha das estacións a seguinte información:

- Resumo anual para as seguintes variables (cando se miden na estación):
 - Media anual da temperatura media diaria.
 - Media anual das temperaturas máximas diarias.
 - Media anual das temperaturas mínimas diarias.
 - Temperatura máxima absoluta.
 - Temperatura mínima absoluta.
Para as temperaturas máxima e mínima absolutas, indícase a data na que se rexistrou o devandito valor. No caso de varias datas, amósase a primeira e a última.
 - Media anual da humidade estándar.
 - Precipitación anual total.
 - Horas de sol totais no ano.
 - Media anual da irradiación media diaria.
 - Índice UV máximo acadado no ano.
 - Media anual da velocidade media do vento.
- Gráfica de evolución das temperaturas mensuais máximas e mínimas, tanto medias como extremas. Representase tamén o número de días de xeada.
- Gráfica de evolución da precipitación total, o balance hídrico e a temperatura media mensuais.
- Gráfica de evolución da humidade estándar, a porcentaxe de insolación e o máximo valor do índice UV en cada mes.
- Rosa dos ventos e velocidade media do vento en cada unha das direccións representadas, indicando a porcentaxe de días de calma (ventos con velocidade inferior a 1.5 m/s).

Cada un dos tipos de gráficas mostra a mesma escala en tódalas estacións, de xeito que as gráficas se poden comparar visualmente.

Os datos recollidos polas estacións automáticas e manuais, así como os seus resumos, pódense atopar a través de Internet no Sistema de Información Ambiental de Galicia (www.siam-cma.org).

MAPA: LOCALIZACIÓN DAS ESTACIÓNS



COORDENADAS DAS ESTACIÓNS

ESTACIÓ	CONCELLO	ANO DE INSTALACIÓN	UTMX-29T	UTMY-29T	ALTITUDE
A CORUÑA					
A Curota	A Pobra do Caramiñal	2000	503781	4719236	480
CIS Ferrol-A	Ferrol	1999	560575	4815596	35
Corrubedo-A	Ribeira	1999	497788	4711340	30
Mabegondo-A	Abegondo	2000	560035	4787795	98
Marco da Curra-A	Monfero	2000	589723	4799415	645
Monte Xalo-A	Culleredo	1999	548165	4787002	510
Muíños	Zas	1983	502146	4764251	490
Muralla-A	Lousame	2001	518434	4732856	650
Río do Sol	Coristanco	1982	525478	4770587	340
Sergude-A	Boqueixón	2000	544164	4741185	226
LUGO					
Ancares-A	Cervantes	1999	669920	4742923	1365
Bóveda	Bóveda	1981	623606	4717891	400
Campus Lugo-A	Lugo	1999	618765	4761198	420
Conchada	Quiroga	1981	641837	4705345	600
Folgueira de Aigas	Navia de Suarna	1981	669976	4758503	910
Fragavella	Abadín	1969	625647	4812391	600
Guitiriz-A	Guitiriz	1999	598922	4786880	690
Marroxo-A	Monforte	1999	623291	4703593	630
Monte Panda	Pol	1988	641017	4778172	605
Nodar	Friol	1991	592574	4769550	360
O Xipro	A Fonsagrada	1978	660504	4782755	840
Pedro Murias-A	Ribadeo	2000	654986	4822541	45
Penedo do Galo	Viveiro	1981	614838	4835682	310
Rubiás	Lugo	1981	622386	4769641	510
Sambreixo-A	Guitiriz	2000	598550	4777692	498
Santalla	Triacastela	1989	645239	4737385	720
Serra Vacaloura	Monterroso	1995	601970	4741768	795
Xunqueira	Viveiro	1991	612845	4834430	15
OURENSE					
Alto do Rodicio-A	Maceda	1999	616296	4683835	962
As Petarelas	Rubiá	1992	670470	4703269	555
Baltar	Baltar	1989	606369	4643587	820
Castelo da Pena	Vilardevós	1984	636358	4642815	670
Monte Medo	Maceda	1990	613161	4676811	400
O Carballiño-A	O Carballiño	1999	579559	4700457	487
O Invernadeiro-A	Castrelo do Val	2000	636971	4664276	1020
Pedreiríño	Entrimo	1983	573955	4643896	720
Pieles	Cea	1990	585455	4708064	680
Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	1977	664341	4691308	1225
Verín-A	Verín	2001	632770	4648322	555
Xurés	Lobios	1999	584682	4639012	1000
PONTEVEDRA					
A Lama	A Lama	1994	547481	4694644	620
Arcos da Condese	Caldas de Reis	1988	531354	4713851	145
Carballedo	Cotobade	1993	541735	4702509	350
Castro Vicaludo	Santa María de Oia	1981	511413	4649371	450
Castrove-A	Poio	2001	524471	4701077	415
Corón-A	Vilagarcía de Arousa	2002	520514	4714577	7
Cuntis	Cuntis	1974	533209	4721465	265
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	1974	550571	4685361	759
Illas Cíes	Vigo	1998	508050	4674377	15
Lourizán-A	Pontevedra	2001	527746	4695497	60
Meirol	Mondariz	1995	549183	4672345	645
Monte Aloia-A	Tui	2000	526608	4658156	410
Mouriscade-A	Lalín	2000	570877	4718272	501
Pereira	Forcarei	1990	555880	4720398	715
Queimadelos-A	Mondariz	1999	547276	4675193	360

Negra: observación semanal da precipitación e do vento.

Resto: observación diaria nas manuais e dezminutal nas automáticas (-A).

CONDICIÓN SINÓPTICAS

XANEIRO


Establécense condicións máis normais sobre Galicia

O mes de xaneiro podería dividirse en tres períodos. O primeiro deles correspondería ós primeiros 4 días do mes, nos que Galicia se viu sometida á influencia das baixas presións e circulación do sur, deixando os ceos cubertos e precipitacións, se ben estas últimas foron pouco cuantiosas. A partir do 5 e ata o 15 dominaron de novo as altas presións, desaparecendo as precipitacións. A partir do 15 a atmosfera cambiou o seu modo de circulación; sucesivas fronteas frías asociadas a baixas que se desprazaron por latitudes superiores ás de Galicia (entre 45 e 60°N) foron varrendo a nosa Comunidade, deixando persistentes precipitacións ó seu paso, con días de transición entre unha fronte e outra.

Precipitación: As precipitacións foron máis cuantiosas ca durante o mes de decembro, pero, debido ós dez días anticiclónicos no medio do mes e ás febles precipitacións nos primeiros días, en moitas localidades seguiu rexistrando un déficit de precipitación.

Temperatura: As temperaturas foron máis acordes coa época do ano. Os días con vento sur fixeron que as temperaturas medias presentasen anomalías positivas en moitas localidades. Por contraste co mes anterior, cabe dicir que se rexistraron 8 días de xeadas en todo o mes na estación de Lugo, e que o valor climático foi de 10.

Destacan tamén durante este mes os episodios de vento forte do sudoeste que houbo nos últimos 10 días do mes.




FEBREIRO

Cuarto mes consecutivo de precipitacións por debaixo da media

O mes de febreiro comezou co mesmo patrón de circulación que os últimos días de xaneiro, con profundos centros de baixas presións desprazándose polo Atlántico Norte. Isto causou varias xornadas consecutivas de fortes ventos e cuantiosas precipitacións, das que destacan a noite do 3 de febreiro, con precipitacións superiores ós 30 mm en moitos observatorios. Durante a parte central do mes un centro de altas presións situado ó norte de Galicia bloqueou o paso destes centros, enviando unha masa de aire frío que deu lugar a varios días consecutivos de xeadas. Nos últimos días do mes, Galicia quedou de novo baixo a influencia dos oestes, aínda que as precipitacións non foron tan cuantiosas como as dos primeiros días.

Precipitación: Durante os primeiros días do mes rexistráronse precipitacións cuantiosas, que superaron os 80 mm en 4 xornadas, entre o domingo 3 e o venres 8 de febreiro. Sen embargo, a partir desta xornada as precipitacións diminuíron de forma drástica. Considerando o total do mes, as precipitacións rexistradas foron deficitarias en case tódalas estacións, por cuarto mes consecutivo.

Temperatura: Non se rexistraron anomalías moi significativas nas máximas. As temperaturas mínimas estiveron por encima dos seus valores medios na parte norte e leste da Comunidade, por mor dos ventos de compoñente sudoeste, que sopraron durante as primeiras xornadas, facendo ascender estes valores polo efecto Föhn.




MARZO

Quinto mes consecutivo con déficit hídrico. Altas temperaturas na segunda metade do mes

As primeiras xornadas do mes caracterizáronse pola inestabilidade e as baixas temperaturas. Esta situación tivo 3 días de parón, co anticiclón entrando en forma de cuña, para volver logo ó paso consecutivo de centros de baixas presións entre o día 12 e o 20, con precipitacións durante todas estas xornadas. A partir desa data, as altas presións dominaron a situación sinóptica sobre toda a Comunidade, cos tres primeiros días de altas temperaturas e o resto de xornadas con temperaturas máis cerca dos valores normais da época. Facendo a media de todo o mes, podemos dicir que non hai practicamente anomalías na presión superficial. Non se debe concluír disto que o mes se comportase de acordo cos patróns climáticos, senón que os efectos sobre a presión superficial das dúas partes diferenciadas do mes se cancelaron mutuamente. En canto ó xeopotencial, obsérvase un patrón de anomalías dipolar, con presións máis altas sobre Centroeuropa e máis baixas no Atlántico Norte.

Precipitación: As precipitacións foron baixas, en xeral, aínda que nas Rías Baixas e en zonas montañosas de Ourense superáronse os valores climáticos para o mes de Marzo. Isto foi así gracias á sucesiva chegada de frentes chuviosas do sudoeste durante as xornadas entre o 12 e o 20. No resto das estacións continuou o déficit, rexistrándose cantidades inferiores á metade das normais para este mes.

Temperatura: En canto ás temperaturas, non se observan grandes fluctuacións nin nas máximas nin nas mínimas, tendo en conta a totalidade do mes. Como feito significativo, pódense destaca-las altas temperaturas acadadas na fin de semana do 23 e 24, cando se rexistraron temperaturas superiores ós 30 °C en observatorios do interior, rompendo deste xeito o récord de temperatura máxima medida no mes de Marzo.




ABRIL

Mes variable, con xornadas frías e chuviosas e xornadas secas con temperaturas altas

Os primeiros dez días do mes caracterizáronse pola influencia das baixas presións, o que provocou un tempo con ceos moi cubertos e algunhas precipitacións. A partir dese momento, os seguintes dez días predominou a situación de nordés, con ceos cubertos nas comarcas cantábricas e máis despexados no resto, para iren entrando paulatinamente as altas presións, que entre a xornada do 20 e do 30 bloquearon o paso de calquera perturbación pola nosa Comunidade. Deste xeito, as temperaturas ascenderon máis de 15 graos en poucos días e rexistráronse máximas superiores ós 30 °C en comarcas do interior. Desta forma podemos dicir que o mes de abril foi típico da primavera en Galicia, caracterizándose pola variabilidade. Vemos cómo tanto a presión en superficie como a altura do xeopotencial de 500 hPa non presentan anomalías salientables sobre Galicia, e que está reforzado o anticiclón das Azores.

Precipitación: As precipitacións mostran un déficit no sur, mentres que os valores rexistrados son os normais ou mesmo superiores á media nas comarcas cantábricas e no norte da Comunidade, en xeral. Isto vén dado pola segunda decena do mes, transición entre a influencia das baixas e as altas presións, na que houbo varios días de nordés con precipitacións nestas comarcas.

Temperatura: As temperaturas medias non presentan patróns de anomalías moi definidos, aínda que as altas temperaturas rexistradas durante a última semana do mes fixeron que as máximas fosen altas no interior. Nas temperaturas mínimas predominan as anomalías negativas, debido ás baixas temperaturas acadadas mesmo na última semana, cando as oscilacións térmicas en puntos do interior superaron os 25 °C.




MAIO

Precipitacións abundosas no noroeste e baixas temperaturas

O mes de maio caracterizouse pola persistencia da situación de baixas presións sobre Irlanda e circulación predominante do noroeste. Isto obsérvase no mapa de anomalías en 500 hPa, representado polas anomalías negativas de altura centradas ó oeste de Irlanda. Nesta mesma figura aparecen tamén as anomalías positivas do anticiclón das Azores. Estas dúas anomalías, que tamén se observan na presión en superficie, configuraron a chegada de aire húmido e frío. Isto orixinou precipitacións por encima da media do mes de maio en todo o noroeste da Comunidade, con cantidades que dobraron as climáticas do mes. No resto de Galicia, este incremento non se deixou notar, salvo nas comarcas montañosas de Ourense. En canto ás temperaturas, foron en xeral baixas, aínda que a anomalía media non é moi significativa, e rexistráronse incluso temperaturas superiores á media nas comarcas costeiras atlánticas.

Precipitación: Logo de seis meses con anomalías negativas de precipitación, durante o mes de maio a situación foi a inversa en todo o noroeste e as zonas montañosas de Ourense. Así, por exemplo, no observatorio de Mabegondo, moi próximo á Coruña, rexistráronse 132 mm, cantidade que supón o dobre da normal, con 24 días de precipitación.

Temperatura: As temperaturas foron, en xeral, baixas debido á chegada de aire frío e húmido, aínda que as anomalías non son particularmente salientables, salvo en zonas de montaña, onde se rexistraron anomalías negativas de máis de 5 °C, é dicir, que a temperatura media do mes estivo 5 °C por debaixo da normal. Cómpre sinalar, por último, que nas comarcas costeiras atlánticas non se observaron estas anomalías, e que as temperaturas foron normais ou mesmo superiores á media.




XUÑO

Condições normais, con temperaturas lixeiramente máis baixas

O mes de xuño presentou tres situacións sinópticas diferenciadas. Así, durante os primeiros dez días, a situación presentouse intermedia entre o anticiclón das Azores e as baixas situadas sobre Irlanda, con circulación do noroeste e aire frío en altura. Esta situación é moi inestable e causou a aparición de precipitacións e temperaturas inferiores á media. Durante as seguintes xornadas, ata o 23, as altas presións situadas sobre as Azores illaron Galicia da influencia das baixas presións. Neste período esta situación só cesou parcialmente o 18, cando a influencia dun centro de baixas presións moi profundo deixou algunha precipitación. A partir do 23 e durante a derradeira semana do mes dominou a situación de nordés, con ventos entre moderados e fortes. No mapa de anomalías en superficie non hai anomalías moi significativas, aínda que se observa unha estrutura dipolar, con anomalías negativas ó oeste de Irlanda e positivas sobre as Azores. Esta estrutura non aparece moi marcada debido a que durante a derradeira semana os centros de altas presións se situaron máis ó norte.

Precipitación: As precipitacións foron normais, en xeral, con déficits en puntos do interior pouco significativos. A distribución temporal mostra que a maior parte dos días con precipitación se produciron nos primeiros días do mes. Esta situación non se cumpre nas comarcas costeiras cantábricas, onde por mor do nordés houbo precipitacións tamén durante a última semana.

Temperatura: As temperaturas mostran valores normais ou lixeiramente máis baixos; de novo as anomalías negativas máis importantes tiveron lugar durante as primeiras dez xornadas do mes. Estas anomalías non se recuperaron en moitos puntos por mor do nordés, que soprou na última semana e que fixo chegar aire frío a Galicia.




XULLO

Continúan as condicións normais, con precipitacións lixeiramente por debaixo da media

O mes de xullo podémolo dividir en dous períodos diferenciados. O primeiro deles abarcou dende o día 1 ata o 10 e estivo determinado por atoparse Galicia nunha situación intermedia entre o anticiclón das Azores e as baixas presións situadas sobre Irlanda, con circulación, por tanto, do noroeste. Isto causou precipitacións que foron rexistradas en tódolos observatorios, rexistrándose na provincia da Coruña 6 xornadas de precipitación. As temperaturas durante este primeiro período situáronse en valores por debaixo da media do mes de xullo, e a anomalía foi de entre 1 °C e 3 °C. A partir do día 11 a situación cambiou, e quedou Galicia baixo a influencia do anticiclón das Azores, con estabilidade atmosférica e circulación predominante do norte. Isto fixo que na metade norte as temperaturas non fosen tan altas como na metade sur. Como dato significativo, podemos dicir que no sur da Comunidade non se rexistrou ningún día de precipitación neste período, e que as temperaturas estiveron por riba dos 30 °C durante varias xornadas.

Precipitación: As precipitacións estiveron, en xeral, por debaixo da media; a maior parte delas producíronse durante os primeiros dez días do mes. No norte da Coruña e Lugo a circulación de norte causada pola posición do anticiclón das Azores fixo que houbo máis días de precipitación. Así, en Ferrol rexistráronse 12 días con precipitación superior ós 0.2 mm.

Temperatura: A media das temperaturas indica que estas foron superiores, en xeral, ás agardadas para o mes de xullo no sur da Comunidade, aínda que esta anomalía positiva tivo lugar durante os 20 días últimos do mes, posto que nos primeiros dez a anomalía era negativa, é dicir, as temperaturas rexistradas eran menores das esperadas. Unha vez máis, cómpre dicir que nas comarcas máis ó norte as temperaturas foron as normais ou mesmo máis baixas, posto que a circulación de norte non permitiu unha recuperación dos valores.




AGOSTO

Predominio da condición anticiclónica con circulación do norte

No mes de agosto predominaron as condicións anticiclónicas sobre Galicia, co anticiclón situado na área das Azores, aínda que durante os primeiros 22 días estivo centrado, sobre todo, ó oeste das Azores. Desta forma, Galicia quedou no borde da influencia anticiclónica, deixando deslizar algunha fronte moi pouco activa e aire frío en altura. Isto propiciou que durante estas tres semanas continuase a diferenza entre o tercio norte e o resto da Comunidade, quedando os ceos máis anubrados e con algunhas precipitacións no norte, mentres no resto as xornadas alternaron entre os ceos despexados e algún intervalo nuboso que chegou a deixar algunha precipitación feble. A partir do 23 e durante a derradeira semana do mes, as condicións foron de anticiclón de bloqueo situado ó norte de Galicia, deixando ventos de compoñente leste, de forma que soamente se rexistrou algunha nubosidade de estancamento na Mariña luguesa e algunha treboada por mor do aire frío en altura.

Precipitación: As precipitacións estiveron, en xeral, por debaixo da media, aínda que a distribución fixo que no norte se rexistraran cantidades mesmo superiores á media, mentres no interior foron máis baixas. Así, por exemplo, podemos citar nun extremo os observatorios de Ferrol, con 8 xornadas de precipitación, ou Ribadeo, con 9, mentres no Carballiño non se rexistrou ningunha precipitación en todo o mes.

Temperatura: As temperaturas continuaron a ser, en xeral, as normais do mes de agosto ou inferiores, aínda que de novo hai que subliñarlas comarcas costeiras do norte da Coruña e Lugo, onde as temperaturas mínimas foron algo máis altas cá media. No interior e Rías Baixas rexistráronse temperaturas máximas máis altas, co cal foi un mes máis seco e cálido cá media climática de agosto nesta zona.




SETEMBRO

Baixas presións fronte das costas portuguesas e precipitacións intensas no sueste da Comunidade

O mes de setembro pódese dividir en dous períodos diferenciados. Os primeiros 13 días a situación oscilou entre a influencia anticiclónica e centros de baixas presións que se achegaron polo Atlántico á altura de Irlanda. As temperaturas foron as normais ou lixeiramente máis baixas e as precipitacións mantivéronse en valores moi próximos ós normais. Así, por exemplo, na estación de Sergude, durante os primeiros 8 días do mes, producíranse xa o 30% das precipitacións esperadas para todo o mes. A partir do día 13, a situación que predominou foi a de baixas presións centradas fronte da costa portuguesa e altas máis ó norte, sobre Irlanda e as Illas Británicas. Esta última é a que se observa no mapa de anomalías, tanto de presión en superficie como de altura no xeopotencial de 500 hPa. As consecuencias desta situación sobre Galicia son as temperaturas máis altas das normais por mor da compoñente sur dos ventos e as precipitacións intensas de carácter convectivo no cuadrante sueste e máis febles no cuadrante sudoeste.

Precipitación: Como consecuencia do anterior, as precipitacións estiveron moi por riba das esperadas no cuadrante sueste, e superouse o dobre do esperado no mes de setembro nalgúns observatorios. Así, na serra do Invernadoiro houbo 6 xornadas con precipitacións superiores ós 10 mm, 4 delas con máis de 25 mm. Esta situación só sucedeu unha xornada (o día 16) no observatorio de Ferrol.

Temperatura: No tocante ás temperaturas, cómpre dicir que non se observan tendencias moi significativas, e que as anomalías foron, en xeral, menores de 2 graos. A explicación disto estriba en que durante os primeiros días do mes as temperaturas foron inferiores á media, para recuperarse logo a partir de mediados de mes e rexistrarse temperaturas superiores.




OUTUBRO

Altas temperaturas e precipitacións intensas

Durante as primeiras 6 xornadas do mes, Galicia estivo baixo a influencia das altas presións, que orixinaron ceos pouco nubosos e temperaturas altas. Esta situación fixo que se agravase o déficit hídrico arrastrado dos meses de primavera e verán nas comarcas costeiras atlánticas. Sen embargo, a partir do día 7 predominaron as baixas presións, con ventos con circulación do sudoeste e frentes asociadas. Destacan as precipitacións rexistradas nas xornadas do 14 e o 15 e a visita dos restos da tormenta tropical Kyle, que durante os días 20, 21 e 22 mantiveron a Galicia en situación de fortes ventos e intensas precipitacións. Esta mesma situación fixo que as temperaturas fosen altas para este mes, notándose esta anomalía sobre todo nas mínimas. Todo isto configura unha situación de presións superficiais máis baixas do normal en latitudes algo máis ó norte de Galicia, mentres que o resto é practicamente normal.

Precipitación: Con carácter xeral, as precipitacións foron superiores ó valor esperado para o mes de outubro; destacan 5 xornadas con máis de 25 mm nos observatorios de Lourizán e Sergude e unha precipitación máxima de 61 mm o día 14 en Lourizán. Pola contra, estacións máis protexidas das frentes do sudoeste, como Verín ou Pedro Murias en Ribadeo, non rexistraron ningún destes episodios, aínda que as precipitacións tamén foron superiores ás esperadas.

Temperatura: As temperaturas foron, en xeral, superiores á media, principalmente no caso das temperaturas mínimas diarias. Isto é así xa que a penas houbo noites despexadas ou circulacións intensas do norte durante este mes. Nas máximas as anomalías negativas non son tan notorias debido ás numerosas xornadas de ceos anubrados. Só se rexistrou un día de xeadas en Mouriscade (Lalín), mentres que en tódolos observatorios as mínimas situáronse maioritariamente no intervalo entre os 10 °C e os 15 °C.




NOVEMBRO

Predominio da circulación de sudoeste. Precipitacións abundosas principalmente ó paso das fronteas frías

Case todo o mes estivo marcado polo desprazamento de centros de baixas presións entre Terranova e Irlanda, estancándose ó oeste de Irlanda, con fronteas asociadas. Esta situación reflíctese nas anomalías de presión que mostran tanto en superficie como a 500 hPa unha configuración con presións máis baixas do habitual ó oeste de Irlanda, mentres as altas presións están desprazadas ó sur das Azores. A consecuencia inmediata desta situación foi o predominio de días chuviosos, con algúns episodios de precipitacións moi intensas, o que fixo que as cantidades rexistradas fosen en moitos observatorios o dobre das normais. As temperaturas non tiveron anomalías moi significativas, aínda que se pode dicir que, en xeral, as máximas foron algo máis baixas, mentres as mínimas alcanzaron valores por riba dos normais. Nestas situacións de sudoeste destaca o temporal do día 13, que causou dúas vítimas mortais en terra e o accidente do petroleiro Prestige.

Precipitación: As precipitacións estiveron, en xeral, por riba das normais para esta época. Como exemplo dunha área especialmente exposta ó sudoeste, como pode ser Pontevedra, obsérvase que só nunha xornada (o día 12) se rexistraron 78.6 mm e houbo outros 5 días con valores superiores ós 25 mm. Estas anomalías positivas súmanse ás rexistradas no mes de outubro, rompendo a serie anterior de anomalías negativas, que tivo a moitas comarcas galegas en alerta por secas.

Temperatura: As temperaturas presentaron unha tendencia á suavidade. Así, seguindo co exemplo de Lourizán, as máximas estiveron entre os 15 °C e os 20 °C en 19 xornadas, cando a media climática é de 16.6 °C. As mínimas tiveron valores entre 10 °C e 15 °C en 16 xornadas, cando o valor climático é de 8.5 °C, poñendo de manifesto a lixeira tendencia destes valores a supera-la media, fenómeno causado pola persistencia de xornadas de sudoeste con ceos anubrados.




DECEMBRO

Circulación do sudoeste. Precipitacións abundosas e temperaturas superiores á media

Durante o mes de decembro, a situación xeral da atmosfera foi moi semellante á do mes de novembro, con Galicia baixo a influencia do paso de frentes asociadas ós centros de baixas presións situados sobre o Atlántico Norte. Así, na estación de Ferrol, aproximadamente o 75% do tempo os ventos sopraron entre o sur e o oeste, predominando máis o sur nas Rías Baixas. Tanto no gráfico de anomalías de presión en superficie, como en altura de 500 hPa, pódese apreciar cómo existe unha anomalía negativa de presión sobre o Atlántico, ó noroeste de Galicia, que é a que orixina a aparición dos ventos do cuadrante sudoeste. Esta situación só mudou entre os días 5 e 8, cunha entrada de nordés. A consecuencia inmediata deste tipo de tempo é a ausencia, practicamente, de días de xeadas e o predominio das temperaturas altas, que por termo medio foron entre 1 °C e 3 °C superiores ó valor climático deste mes, mentres que esta anomalía é de entre 3 °C e 5 °C nos derradeiros 10 días. Esta situación tamén se deixa notar nas precipitacións, que son superiores á media en toda a costa e na vertente de poñente das zonas altas do interior.

Precipitación: As precipitacións foron, en xeral, superiores á media. As máis abundosas producíronse nas Rías Baixas, por mor dos sudoestes; o día máis chuvioso foi o 25, con 47.6 mm na estación de Lourizán. Nesta estación rexistráronse 4 xornadas con precipitacións entre 25 e 50 mm. Pola contra, nas chairas do interior e zonas de sombra dos sudoestes, as precipitacións foron as normais ou mesmo inferiores, tal como é o caso da estación de Pedro Murias, en Ribadeo.

Temperatura: As temperaturas foron entre 1 °C e 3 °C superiores á media; esta anomalía notouse máis nas temperaturas mínimas ca nas máximas, que, debido ás poucas horas de sol, non foron moi elevadas. Destaca tamén a ausencia de xeadas practicamente; só se rexistra algunha feble no episodio de entrada de aire frío das xornadas 5 á 8.



RESUMO POR VARIABLE

TEMPERATURA MEDIA (°C)

ESTACIÓN	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	ANUAL
A Coruña													
A Curota	10.1	9.5	11.2	8.8	9.7	13.7	16.8	16.9	15.6	13.9	10.2	9.8	12.2
CIS Ferrol-A	11.4	11.3	11.9	11.8	13.7	15.7	17.4	18.4	18.1	16.2	12.6	12.4	14.3
Corrubedo-A	12.2	11.8	12.9	12.5	14.0	16.3	17.8	18.8	18.3	16.9	13.8	12.9	14.8
Mabegondo-A	10.8	10.2	11.0	10.9	13.2	15.8	17.4	18.0	17.4	15.6	11.9	11.6	13.6
Marco da Curra-A	7.4	-	8.6	8.6	9.7	13.2	14.8	15.0	15.1	12.5	8.4	8.0	11.0
Monte Xalo-A	8.5	7.8	9.4	9.5	10.7	13.3	15.1	15.8	16.0	13.2	9.2	8.9	11.5
Muños	8.1	8.2	10.3	10.0	11.7	14.9	17.0	17.9	16.9	13.9	10.4	9.7	12.4
Muralla-A	-	-	9.3	9.3	9.7	13.1	14.9	15.5	15.4	12.9	8.9	7.9	11.7
Río do Sol	8.2	6.8	9.7	10.1	10.7	13.3	15.2	15.4	16.0	13.0	8.5	8.7	11.3
Sergude-A	9.3	9.4	10.9	11.0	12.3	15.9	17.8	18.3	17.2	14.7	10.6	10.4	13.2
Lugo													
Ancares-A	3.9	2.9	6.1	6.6	6.3	12.6	14.2	13.5	12.9	9.3	4.2	3.8	8.0
Bóveda	8.2	8.8	11.9	12.7	14.6	17.7	19.9	19.4	17.7	14.5	9.3	9.2	13.7
Campus Lugo-A	7.0	8.0	9.3	9.8	11.4	15.4	17.1	17.2	15.8	13.4	8.9	8.7	11.8
Conchada	4.4	6.6	10.6	11.4	11.3	16.3	18.4	18.2	17.3	12.0	6.9	-	12.1
Folgueira de Aigas	8.3	7.5	10.4	10.9	11.5	16.8	18.9	17.2	17.1	14.3	10.3	-	13.0
Fragavella	7.2	7.5	9.2	8.8	11.2	13.1	15.4	15.2	14.3	12.9	8.8	8.9	11.0
Guitiriz-A	7.2	6.5	8.3	8.6	9.5	13.2	14.9	15.0	14.9	12.2	8.0	7.7	10.5
Marroxo-A	8.1	7.8	10.0	10.5	11.2	15.8	17.3	17.4	16.7	13.5	8.9	8.7	12.2
Monte Panda	-	-	11.0	10.4	10.9	14.5	16.7	16.7	16.7	13.3	8.2	7.3	12.6
Nodar	6.5	6.5	8.5	8.4	10.4	19.1	-	-	-	-	-	-	-
O Xipro	6.3	5.7	7.7	7.8	8.6	13.3	14.9	14.8	14.9	11.4	7.1	6.7	9.9
Pedro Murias-A	11.5	11.7	11.2	11.2	13.7	15.2	17.0	17.8	16.6	15.9	13.2	12.5	14.0
Penedo do Galo	12.4	10.9	12.4	11.8	12.8	15.4	18.3	18.2	17.5	16.5	12.4	12.5	14.3
